

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA
CATORCE DE MAIO DE DOUS MIL DOCE: - - - - -**

=====

PRESIDENTA:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Salvador Durán Bermúdez
- D^a M^a Isabel González Domínguez
- D. Marcos Guisasola Padín
- D^a María Deza Martínez
- D. Constantino Sanmartín Quiñones
- D^a Almudena Aguín Fernández
- D. Gonzalo Gonzalo Pita
- D^a M^a Cruz Barbeito Barreiro
- D. Francisco Villaverde Otero
- D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
- D. José Buezas Méndez
- D^a Vanesa Rodríguez Maneiro
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

INTERVENTOR:

D. José-Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

=====

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as trece horas e trinta minutos do día catorce de maio de dous mil doce, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA,** reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan para celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

1º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA CONCERTACIÓN DE OPERACIÓN DE ENDEBEDAMENTO DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 10 DO RDL 4/2012, DO 24 DE FEBREIRO. O Sr. **Secretario** deu lectura á proposta e ao ditame favorable sobre esta emitido pola Comisión de Contas.

O Sr. **Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, mostrou a súa indignación polo percorrido deste asunto e recordou os presupostos millonarios (ata 114 millóns de euros), o incumprimento de promesas electorais e a dilapidación das ilusións dos veciños, mentres que polo goberno municipal se botaba a culpa ao bipartito en Galicia ou ao anterior goberno central, sen ningunha autocrítica, engadindo que con este préstamo hipotecaranse ás futuras corporacións que gobernarán este concello, cando no seu día dende a alcaldía díxose que Sanxenxo estaba entre os quince concellos máis ricos de Galicia. Aludiu a que se segue mantendo a Xerencia de Urbanismo, despois de tres anos con perdas millonarias, así como as nove dedicacións exclusivas do goberno municipal cuns soldos intolerables neste momento. Tamén dixo que con este préstamo só se abonará o 66% da débeda, faltando o 34% restante, á parte do que se teña que pagar como consecuencia das sentenzas xudiciais desfavorables ao concello. Por último o interviniente explicou que tiñan que actuar con responsabilidade e por iso ían votar a favor desta operación que permitirá pagar a autónomos e empresas.

A Sra. **Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, en primeiro lugar felicitou ao servizo de intervención municipal polo informe emitido e a continuación indicou que, utilizando expresións dos representantes do goberno central, a alcaldesa sería unha delincuente por malgastar o diñeiro público, en caso de que a reforma do código penal que se está a tramitar xa estivese en vigor. Proseguiu sinalando que este préstamo supoñía unha hipoteca para o concello, como mínimo, de dez anos e o malo é que non era unha operación para sufragar inversións, se non para pagar débedas consecuencia da mala xestión do goberno municipal, a parte de que no seu importe non se contemplan os pagamentos das sentenzas xudiciais contrarias ao concello. Tamén sinalou que dende a alcaldía non se fixo caso aos informes de intervención que solicitaban medidas tributarias que eran xustas e, mentres tanto, dilapidouse o diñeiro en actuacións como na compra de Punta Vicaño, o transporte municipal, o centro sociocultural do Revel e as reflexadas na “Axenda 2015”. A intervinte criticou que o propio plan do goberno central era un mecanismo caro e confuso que tan só beneficiaría ás entidades bancarias, lamentando que estas consigan o diñeiro do Banco Central Europeo ao 1% e agora cobren intereses por enriba do 6%. Finalmente dixo que, independentemente da súa consideración de que os provedores teñen que cobrar as débedas, o certo é que o fin non xustifica os medios e, por iso, votarán en contra da proposta da alcaldía.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, botou de menos que membros do goberno municipal interviran previamente para defender a proposta, dado que se produciron declaracións nas que se aludían a varias posibilidades para, finalmente, decantarse pola fórmula que ten mais demora, ata o ano 2022, coa idea de que paguen as débedas actuais os que veñan detrás, non optando por outras vías que eran a mais curto prazo, de tres e seis anos. O interviniente mostrouse en contra do alto tipo de xuro a pagar polo préstamo e avogou porque a solución fose a realización de transferencias directas aos concellos, sen intermediación de bancos, porque se hai diñeiro para sanear estas entidades financeiras, tamén se debe actuar igual coas entidades públicas.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que hai dous anos pediu a realización dunha operación semellante a esta para pagar débedas aos provedores, non aceptándose esta medida que tivese sido positiva, posto que o diñeiro era entón mais barato. En canto a esta opción é a mellor na actualidade, aínda que os xuros son altos, pero mais prexudicial sería para o concello se non se

optase por esta solución. Por último dixo que o único reparo seu era que o diñeiro que lles fose a chegar as empresas, consecuencia desta operación, non se utilizase para fomentar emprego, se non para todo o contrario.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, sinalou que se trataba de cumprir o real decreto aprobado polo goberno central e recordou que este lle dera o visto e prace ao plan de axuste aprobado polo concello. Proseguiu dicindo que a norma prevía dúas opcións, un préstamo con tipos de xuros variables ou retención de ingresos do Estado, sendo máis beneficioso para o concello ir ao endebedamento, precisando que o incumprimento do plan de axuste aprobado traería como consecuencia a intervención do goberno e as correspondentes retencións.

O Sr. Gonzalo Pita, díxolle ao Sr. Guisasola Padín que, ao igual que no seu día a Sra. Deza Martínez, tócalle afrontar un tema moi complicado, pero había que ter en conta que xa tiña que ser coñecedor da débeda acumulada polo anterior goberno e agora debía vivir esta desagradable situación.

A **Sra. Aguíñ Pombo,** procedeu a ler parte do informe de intervención e resaltou que nel non se consideraba obrigatorio concertar a operación de crédito, polo tanto, era voluntario acudir a ela, polo que o representante do grupo popular non podía xustificarse no cumprimento do real decreto para apoiar esta operación.

O Sr. Otero Domínguez, dixo que o concello se acollía ao real decreto porque existen as débedas a data 31 de decembro de 2011, co que, probablemente, neste momento, xa estarán incrementadas e engadiu que o actual goberno municipal xa é responsable da débeda correspondente a gran parte do ano 2011, posto que tomou posesión no mes de xuño. O interviniente cualificou de cobarde a actuación do goberno municipal, posto que non se plantexa amortizar a débeda xerada polos anteriores gobernos do Partido Popular na actual corporación, se non que queda para as seguintes, mesmo na cuestión referente á revisión catastral, que será a partir do ano 2015, considerando vergonzoso ter nestas datas o orzamento prorrogado e estar a expensas do que dite o goberno central, cando podían tomar medidas de eficacia recadatoria, recordando que hai moitas vivendas que non solicitan licenza de primeira ocupación para non ter que pagar impostos, coa posible repercusión favorable que podería ter para o concello no contrato actual con “Espina & Delfín, S.L”. Por último incidiu en que non se fai o esforzo necesario para recadar o que ahi que recadar e, mentres tanto, pídense préstamos para pagar as consecuencias da mala xestión, enganando aos cidadáns.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, aludiu a que en ningún caso, nin a nivel persoal, nin político, podía ser cualificado de cobarde e volveu a indicar que na actualidade esta fórmula era a mellor e menos prexudicial para o concello para pagar as débedas aos provedores.

O Sr. Guisasola Padín, explicou que na actualidade o Concello de Sanxenxo está moi por debaixo do límite máximo permitido de endebedamento e aludiu aos esforzos realizados polo concello para adaptarse á baixada de ingresos producida dende o ano 2008 e que se plasmou na diminución presupuestaria de 114 a 30 millóns de euros, todo elo motivado pola situación económica existente no país, considerando que non teñen que recibir lección económica algunha do partido socialista, engadindo que agora teñen que solucionar os problemas existentes. Tamén rexeitou a acusación de cobardía e manifestou que, aínda que a decisión de solicitar unha nova ponencia de valores se adopte agora, os trámites necesarios para levala

adiante supoñera que ata o ano 2015 non sexa realmente efectiva.

A **Sra. Alcaldesa** aludiu en primeiro lugar a nefasta xestión do PSOE no goberno central, apoiada puntualmente polo BNG, que trouxo unha situación económica que provocou unha importante diminución de ingresos, a pesar do cal, dende o goberno central, no seu día, permitiuse incrementar o tope de endebedamento dos concellos ata o 125%, en cambio hai que felicitar ao actual goberno actual por ditar unhas normas que todo o mundo está obrigado a cumprir e dicindo a verdade, recordando que o Concello de Sanxenxo está moi por debaixo do tope de endebedamento permitido e que ata agora cumpriu puntualmente coas súas obrigas financeiras, non como outros concellos. Ao voceiro de SAL díxolle que neste momento era bo manter a xerencia para ter plenamente operativo un departamento de disciplina urbanística, ao que se lle está dando traballo dende a corporación. Ao Sr. Otero Domínguez manifestoulle que o concello non incumpre tanto cos provedores, por canto as débedas son do último ano, estando o anterior xa pagado, recordando que teñen un plan, xa aprobado polo goberno central, que era de obrigado cumprimento, quedando aberta unha vía por si se conseguía un acordo mais favorable cunha entidade bancaria. Finalmente, aludiu a que dende o goberno municipal do PP non se actuou con cobardía tal e como se demoustrou coas medidas adoptadas, esperando deixar para próximas corporacións unhas contas saneadas.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a **proposta a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista).

Votos pola **Abstención: 0.**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Concertar unha operación de endebedamento por un importe de 4.201.712,87 euros ou cantidade que finalmente resulte de acordo á normativa de aplicación, do que resulta unha cantidade igual as aceptacións de inclusións polos provedores incluídos na relación certificada do artigo 3 do R.D.L. 4/2012, máis os certificados individuais emitidos e/ou non contestados, conforme o disposto no artigo 4 da mesma norma xurídica, nas seguintes condicións financeiras básicas que están reguladas na orde PRE/773/2012 de 16 de abril:

Prazo de amortización: Dez anos

Carencia: Dous anos

Sistema de amortización: Descoñecese ao momento presente se as cotas serán mensuais, trimestrais, semestrais ou anuais e o sistema de amortización.

Intereses: As condicións da operación serán de 10 anos de amortización con dous de carencia e uns tipos de interes que, ao momento presente, están por decidir, xa que o interés é variable, conforme dispón o apartado 7 da orde citada. (O interés variará para cada período da vida do préstamo según cal sexa, en cada momento, o interés que satisfaga o Tesouro público pola súa

débeda, máis un marxe de 115 puntos básicos máis 30 puntos básicos por intermediación).

SEGUNDO: Delegar e habilitar á alcaldía presidencia para a formalización da operación de préstamo aprobada con anterioridade. No caso de que se alteren sustancialmente as condicións financieras, en calquera senso, a alcaldía presidencia poderá rexeitar a formalización, debendo dar conta ao Pleno.---

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a **Presidencia** dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas e trinta e cinco minutos, de todo o que eu, como **Secretario, dou fe:**